

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**3651** *Real decreto 152/2016, do 15 de abril, polo que se modifica o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, establece no seu anexo II os límites máximos orzamentarios para todos os réximes de axuda comunitarios obxecto da dita norma, que están establecidos no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agraria común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello.

Entre os ditos réximes encóntrase o réxime de axuda asociada voluntaria, que agrupa as diferentes liñas de axuda nos sectores agrícolas e gandeiros.

A concesión destas axudas asociadas é unha decisión dos Estados membros, amparada no artigo 52 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que establece a posibilidade de conceder unha axuda asociada voluntaria para aqueles sectores ou rexións dun Estado membro en que certos tipos específicos de actividades agrarias ou sectores específicos de grande importancia económica, social ou ambiental atravesen determinadas dificultades.

A elección do vacún de leite como sector obxecto destas axudas asociadas acordouse con base na necesidade dunha axuda ligada que minore o risco de abandono do sector, garantindo a rendibilidade da produción, cunha consideración especial ás zonas máis vulnerables, ás zonas de montaña e ás insulares.

Por iso, no caso concreto do vacún de leite, se establecen dúas liñas de axuda, unha para o vacún de leite na rexión peninsular, excepto zonas de montaña, e outra para o vacún de leite na rexión insular e nas zonas de montaña.

O establecemento destas dúas liñas de axuda ten como obxectivo dar apoio a todo o sector lácteo, pero outorgando unha maior intensidade de axuda, mediante un importe unitario de maior contía por animal subvencionable, ás explotacións situadas na rexión insular e en zonas de montaña, por consideralas de maior grao de vulnerabilidade e risco de abandono.

Este criterio foi convenientemente xustificado ante a Unión Europea mediante a información notificada no marco da exixencia do artigo 54.1 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Con esa finalidade establecéronse as contías orzamentarias que se debían utilizar en cada liña de axuda, con base nas estimacións do número de animais potencialmente subvencionables en cada unha delas.

Porén, tras o primeiro ano de vixencia do réxime de axuda asociada para as explotacións de vacún de leite, constatouse que a realidade actual do gando experimentou unha sensible desviación respecto das estimacións consideradas para o dimensionamento da axuda no seu deseño inicial. A dita desviación non se debe a unha evolución do censo de animais fóra do previsto senón á repartición do dito censo entre as dúas diferentes rexións consideradas no deseño da axuda, motivada polas modificacións realizadas polas comunidades autónomas na designación das súas zonas con limitacións naturais ou

outras limitacións específicas, que non foron tidas en conta no momento de establecer as contías e os límites cuantitativos de animais. Este desaxuste é especialmente evidente nas zonas de montaña e produce unha importante distorsión nos obxectivos para os cales foron deseñadas estas axudas, pois fai que se igualem practicamente as intensidades de apoio nunha e noutra liña de axuda, do cal resulta que o importe unitario percibido por unha vaca na rexión peninsular sería case idéntico ao percibido por unha vaca en zona de montaña ou en rexión insular.

En concreto, e respecto dos datos tidos en conta no seu momento (últimos dispoñibles á hora de tramitar o daquela proxecto de real decreto) na rexión insular e nas zonas de montaña, para o gando vacún, de 206.215 animais (primeiros 75 animais) pasouse finalmente a 218.319 animais, e de 39.023 animais (seguintes animais) a 44.395 animais.

Cómpre, por tanto, modificar os límites cuantitativos e os montantes orzamentarios destinados a estas dúas liñas, de forma que se restablezan os obxectivos para os cales foron deseñadas e se manteña o diferencial de apoio a favor das zonas de montaña e da rexión insular conforme o orixinalmente pretendido, exclusivamente para as solicitudes presentadas en 2015, e que, por outra parte, non foron aínda concedidas, polo que a modificación que agora se opera vai producir efectos respecto destas. Pola contra, no caso do gando cabrún de leite non resultan desviacións significativas para o pagamento da axuda solicitada en 2015, debido a que as comunidades autónomas en que se produciron os cambios máis significativos nas zonas de montaña non posúen un censo de gando cabrún de leite que se poida considerar importante.

Neste sentido, mediante o Real decreto 1172/2015, do 29 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, o Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, e o Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, modificouse, en prol da necesaria simplificación, para reformular o deseño da axuda asociada ao vacún de leite, de maneira que, para as solicitudes que se presenten no ano 2016 e sucesivos, se reduciron de catro a dúas as liñas definidas no anexo II, e estableceuse, na sección 4.<sup>a</sup> do capítulo II do título IV, unha degresividade con base en criterios de economía de escala aplicable sobre as explotacións beneficiarias.

De maneira consecvente, e para unha maior seguridade xurídica e evitar que estas desviacións se poidan volver repetir no ámbito temporal de aplicación destas axudas nos próximos anos, máxime cando as comunidades autónomas poden introducir até o ano 2018 modificacións na designación das súas zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas, considérase necesario establecer unha nova definición no artigo 3 do real decreto para prever, para os efectos destas axudas, unha foto fixa das zonas de montaña na data do 1 de xaneiro de 2015, que son as zonas consideradas para o primeiro ano de axudas asociadas. Isto non significa incidir de maneira ningunha na plena competencia das comunidades autónomas á hora de establecer as ditas zonas senón de prever o orzamento xeográfico aplicable para os únicos efectos das liñas de axuda asociada ao gando vacún leiteiro e ao gando cabrún leiteiro.

Durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de abril de 2016,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros*

*réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, queda modificado como segue:

Un. Engádesse unha letra s) no artigo 3, co seguinte contido:

«s) Zonas de montaña: para os efectos previstos nos artigos 66 e 73 deste real decreto, entenderanse como tales as que así estivesen designadas polas comunidades autónomas nos seus programas de desenvolvemento rural vixentes en 1 de xaneiro de 2015.»

Dous. O número 2 do artigo 69 queda modificado como segue:

«2. Os límites cuantitativos aplicables serán os seguintes:

a) Axuda destinada ás explotacións situadas na rexión España peninsular: 582.325 animais.

b) Axuda destinada ás explotacións situadas na rexión insular e zonas de montaña: 261.848 animais.»

Tres. A disposición adicional terceira queda sen contido.

Catro. O anexo II substitúese polo seguinte:

#### «ANEXO II

#### Límites máximos orzamentarios

Liña de axuda	Límite orzamentario (miles de euros)				
	2015	2016	2017	2018	2019 e ano seguinte
Réxime de pagamento básico*	2.809.784	2.816.110	2.826.613	2.835.995	2.845.377
Pagamento para prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente.	1.452.797	1.455.505	1.460.000	1.464.015	1.468.030
Pagamento suplemento para os agricultores mozos.	96.853	97.034	97.333	97.601	97.869

Liña de axuda		Límite orzamentario (miles de euros)				
		2015	2016	2017	2018	2019 e ano seguinte
Axuda asociada voluntaria.	Xatos cebados na mesma explotación de nacemento: España peninsular.	12.488	12.488	12.488	12.488	12.488
	Xatos cebados na mesma explotación de nacemento: rexión insular.	93	93	93	93	93
	Xatos cebados procedentes doutra explotación: España peninsular.	25.913	25.913	25.913	25.913	25.913
	Xatos cebados procedentes doutra explotación: rexión insular.	193	193	193	193	193
	Vaca nutriz: España peninsular.	187.294	187.294	187.294	187.294	187.294
	Vaca nutriz: rexión insular.	451	451	451	451	451
	Ovino: España peninsular.	124.475	124.475	124.475	124.475	124.475
	Ovino: rexión insular.	3.428	3.428	3.428	3.428	3.428
	Cabrún: España peninsular.	5.386	5.386	5.386	5.386	5.386
	Cabrún: rexión insular + zonas de montaña.	5.093	5.093	5.093	5.093	5.093
	Vacún de leite: España peninsular.	60.114	60.114	60.114	60.114	60.114
	Vacún de leite: rexión insular + zonas de montaña.	31.238	31.238	31.238	31.238	31.238
	Dereitos especiais vacún de leite.	2.227	2.227	2.227	2.227	2.227
	Dereitos especiais vacún de engorda.	1.440	1.440	1.440	1.440	1.440
	Dereitos especiais ovino e cabrún.	30.155	30.155	30.155	30.155	30.155
	Remolacha azucreira zona de produción de sementeira primaveral.	14.470	14.470	14.470	14.470	14.470
	Remolacha azucreira zona de produción de sementeira outonal.	2.366	2.366	2.366	2.366	2.366
	Arroz.	12.206	12.206	12.206	12.206	12.206
	Tomate para industria.	6.352	6.352	6.352	6.352	6.352
	Froitos de casca e alfarrobas: España peninsular.	12.956	12.956	12.956	12.956	12.956
Froitos de casca e alfarrobas: rexión insular.	1.044	1.044	1.044	1.044	1.044	
Cultivos proteicos: proteaxinosas e leguminosas.	21.646	21.646	21.646	21.646	21.646	
Cultivos proteicos: oleaxinosas.	22.891	22.891	22.891	22.891	22.891	
Legumes.	1.000	1.000	1.000	1.000	1.000	
Pagamento específico ao cultivo do algodón.	60.841	60.841	60.841	60.841	60.841	

\* Inclúe o incremento do 3 % do límite máximo nacional previsto no artigo 22.2 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013.»

#### Disposición transitoria única. Solicitudes de 2015.

Os límites cuantitativos e orzamentarios, para efectos das solicitudes presentadas no ano 2015, para a axuda asociada para as explotacións de vacún de leite prevista na sección 4ª do capítulo II do título IV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, serán os seguintes:

Límites cuantitativos previstos no artigo 69:

Liña de axuda	Límite cuantitativo de animais para as solicitudes presentadas no ano 2015
Primeiras 75 vacas das explotacións de vacún de leite: España peninsular	418.164
Primeiras 75 vacas das explotacións de vacún de leite: rexión insular + zonas de montaña	217.599
Vacas distintas das primeiras 75, das explotacións de vacún de leite: España peninsular	164.161
Vacas distintas das primeiras 75, das explotacións de vacún de leite: rexión insular + zonas de montaña	44.249

Límites orzamentarios previstos no anexo II:

Liña da axuda	Límite orzamentario para as solicitudes presentadas no ano 2015 (cifra en miles de euros)
Primeiras 75 vacas das explotacións de vacún de leite: España peninsular	50.561
Primeiras 75 vacas das explotacións de vacún de leite: rexión insular e zonas de montaña	28.286
Vacas distintas das primeiras 75, das explotacións de vacún de leite: España peninsular	9.553
Vacas distintas das primeiras 75, das explotacións de vacún de leite: rexión insular e zonas de montaña	2.952

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de abril de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA